

Bloque 5.

Época Romana.

▪ Introducción.

Coa Época Romana en Galicia entramos no período histórico, é dicir, agora termos documentos escritos feitos polos nosos paisanos, pero feitos nunha lingua allea.



Cando os romanos invadiron o noso país a poboación atopábase no apoxeo do **mundo dos castros**, durante o episodio romano a meirande parte da poboación da nosa terra era nativa e seguiu vivindo nos castros ate comezos da Idade Media.

A **resposta á conquista** non foi igual en tódolos lugares nin en tódolos pobos. Tampouco a presenza do invasor espallouse dun modo similar por todo o territorio., as áreas máis meridionais e orientadas foron as máis permeables, alí desenvolveron en maior extensión o programa de conquista. As elites sociais dos castros destas áreas foron as máis colaboracionistas co invasor, aculturándose rapidamente, enriquecéndose baixo a protección dos romanos, e tratándose de incorporar a súa estrutura socio-política.

A existencia de **textos latinos** que conteñen anacos da nosa Historia non debe producir a falsa impresión da súa veracidade; son textos ó servizo do poder, propagandísticos e mal intencionados, que dan unha visión moi particular dos feitos; moitas veces non vividos e sempre peneirados pola óptica do narrador, membro da Estado invasor.

Dende o punto de vista político á **República** é substituída por un novo réxime político creado por Octavio Augusto -o **Imperio**- que con algunhas variacións administrativas, mantense dende o ano 27 a.C. ate finais do século IV; o poder concéntrase no emperador que adquire os títulos de *Imperator* (poder militar), *Princeps* (poder político) e *Pontifex Maximus* (poder relixioso), acaparando os tres poderes fundamentais desta sociedade; mantéñense algunhas institucións republicanas como o Senado, pero valeiras de poder.

A **caída do Imperio** Romano obedece a diversas causas, a partires do 235 d.C. comeza unha fase de declive cun baleiro de goberno que provocará unha profunda crise política e un clima de inseguridade social, aproveitándose desto o Imperio é atacado por oriente polos persas, no río Danubio polo godo e no río Rin por unha confederación de pobos xermanos. Economicamente Roma carece de toda planificación, o custo dun exército cada vez maior e dunha administración ineficaz producen alzas nos impostos e a conseguinte inflación. A vida urbana decrece de xeito notorio, pois nos seus habitantes é onde se ceba a presión fiscal, nesta situación proliferan os centros rurais, cada vez máis autónomos. Nesta situación o control político-militar dos dominadores decae no noso país, as elites administrativas rifan por convertere-lo poder público en persoal para asegurarse




maiores beneficios, este descontrol posibilitou cos nativos se libran das imposicións romanas e se producira un rexurdimento do mundo galaico. A partires do ano 409 d.C. chegan a Galicia os pobos xermanos, vándalos primeiro, e suevos despois, vanse asentando na áreas máis meridionais, especialmente arredor de Braga, no ano 411 d.C. asístese a un reparto dos territorios peninsulares entre os pobos xermánicos, coa anuencia de Roma.

▪ Primeiros contactos.

O noso país atópase no camiño entre dúas grandes áreas culturais de finais da Idade do Bronce, a mediterránea e maila atlántica; os contactos comerciais entre elas eran numerosos, do que da testemuña a arqueoloxía pola aparición de restos púnicos e gregos e tamén doutros obxectos procedentes das áreas atlánticas e interiores de Europa. Os romanos atraídos polas lendas que falaban das grandes riquezas ca nosa terra atesouraba en metais preciosos, lánzanse á procura deste botín unha vez derrotados os seus competidores comerciais nas **Segundas Guerras Púnicas** (146 a.C.), utilizando as rutas comerciais abertas polo púnicos irían intercambiando os seus produtos cos nosos paisanos, despois desta fase comercial daría comezo a colonización do Noroeste.

As primeiras crónicas que aluden ó noso territorio débense a Rufo Festo **Avieno**, foi quen compuxo, a finais do século IV d.C., un poema en latín onde describe a península ibérica baseándose unha descrición feita por un grego mil anos antes. Avieno di ca Península Ibérica (Ofiusa) antes chamouse Oestrímnida por estares habitada polos Oestrímnios, estes foron escorrentados por multitudes de serpes (os Saefes) que desprazaron ós anteriores habitantes da nosa terra. O texto de Avieno ten unha carga mitolóxica moi importante que pouco aporta ó coñecemento dos pobos no noroeste.

O xeógrafo grecorromano **Estrabón** (63 a.C. - 24 d.C.), inspirándose nos traballos de Posidonio (morto no 51 a.C.), nos doutros autores e dalgunhas testemuñas, enumera feitos illados sobre pobos con diferentes costumes que habitaban un impreciso espacio entre o río Texo e os Perineos, dos seus escritos non podemos entresacar feitos relacionados particularmente cos pobos galaicos, menciona características comúns a tódalas sociedades prerromanas da área.




A primeira expedición militar romana no solar galaico tivo lugar ó remate das guerras entre romanos e os lusitanos ó mando de Viriato, no ano 137 a.C., o procónsul da Provincia *Hispania Ulterior*, **Décimo Xunio Bruto**, que ascende dende o río Texo polo interior da actual Portugal ate o río Limia, para continuar polo Miño ate chegar á costa Atlántica, unha vez alí retornará cara ó Sur. As tropas de Bruto, segundo a crónica de Paulo Orosio, darían morte a case 50.000 galaicos, xenocidio polo que foi recibido en Roma con honores, e coñecido por esa fazaña co alume de *Gallaicus*.

Cara ós anos 96-94 a.C. ten lugar a expedición de Publio Licinio **Craso**, este dirixese ás costas galegas na procura das Cassitérides (Odourado da antigüidade) deixando constancia da escasa potencia dos filóns de estaño e do carácter pacífico das xentes. Co comercio levado a cabo nesta expedición Craso acadara unha gran fortuna, deixando establecida unha relación comercial entre o Noroeste e os romanos que se evidencia pola presenza de materiais itálicos nalgúns castros costeiros da época.


A seguinte expedición é dirixida por Caio **Xullo César** entre os anos 60 e 61 a.C., cualificada por algúns como unha auténtica razzia. César tiña moitas débedas e marcha de Roma para alonxarse dos seus acredores, ven a Hispania cun cargo administrativo coa idea de enriquecerse; infrinxe unha serie de vexacións os lusitanos para que estes se revolvesen e puidera facerlles a guerra, tras unhas batallas os lusitanos refúxianse nunha illa e César os ataca por mar, logo aproveitará a escuadra para encamiñarse cara ó Norte na procura das Cassitérides. Dirixese cara ó Golfo Artabro (rias de A Coruña, Ferrol, Ares e Betanzos), tomando a cidade de Brigantium (A Coruña), no seu periplo saquea poboacións e incautase de grandes riquezas para chegar a Roma e gañar, no ano 59 a.C., o consulado, esteo para a instauración do réxime dictatorial.

Será ó remate das **Guerras Cántabras** cando o Noroeste hispano pase a ser dominado polos romanos, Augusto ten dous obxectivos para con esta rexión, por unha banda expandir cara o Oeste o seu dominio, e pola outra someter definitivamente ós pobos do Norte que lle causaban grandes prexuízos ás poboacións romanizadas da Meseta cos seus constantes ataques; tras estes obxectivos políticos tamén albergaba o afán de explotalas riquezas en minerais destas zonas. As crónicas en relación coas guerras que cántabros e astures libraron con roma son moi confusas e, en certa medida contradictorias. As loitas desenvóléronse entre o ano 29 e o 19 a.C., as tácticas guerrilleiras dos pobos no Norte eran moi efectivas nas montañas e serras que eran especialmente abondosas na área, os romanos para combatelos distribuíron o exército en tres columnas, unha comandada por Augusto parte de *Segisama* (Sasamón, Burgos) contra a cidade de *Aracilum* (Aradillo, Cantabria), para atacar dende aí ós nativos refuxiados no Monte Vindio, como paso previo á dominación da área cántabra; unha segunda columna ás ordes de Publio Carisio que utiliza como base *Asturica* (Astorga, León) dirixese ó Oeste



As Guerras Cántabras

Ó final das Guerras Cántabras supón a definitiva instalación das tropas romanas en Hispania, a resistencia cara ó invasor seguía en algúns focos de menor magnitude. Ó remate destas guerras ten lugar a traxedia do Monte Medulio, onde e os nativos asediados optan por un suicidio colectivo antes que deixarse capturar e escravizar. A situación deste monte é moi controvertida, a mención máis precisa sobre a súa situación faíña Paulo Orosio 500 anos despois: "*Medulium montem Minio Fluminis inminentem* (o Monte Medulio ergúese na beira do río Miño)": A confusión que naqueles tempos existía entre a denominación dos ríos fai nos pensar que aludían ó Douro e co monte estaría nas zonas montañosas da Cordillera Cantábrica, entre os ríos Esla e Pisuerga área onde se teñen documentado a maioría dos episodios destas guerras.



Tessera Hospitalis

Pactos de Hospitalidade inscritos en táboas ou figuras de bronce que gozaban de certa tradición nas áreas meridionais e interiores de Hispania, non no noso país pois non tiñamos escritura. Na Táboa de Carbedo (O Courel), datada no ano 28 d.C., unha familia do grupo dos Alobaigaeo, establece un pacto de hospitalidade e clientela cos Lugos, do castellum de Teletum.

para conquistar *Bergidum* (Castro Ventosa, Cacabelos, León) e a área asturiana; mentres que Cayo Antio Vetus lidera a terceira columna, con base de *Bracara* (Braga, Portugal), que se despregaría cara ó Noroeste para protexer a área occidental das operacións. A resistencia do **Monte Medulio**, e o suicidio dos seus habitantes logo do asedio, sería o epílogo das guerras cántabras. A partires da victoria do invasor comeza a dominación militar e a integración dos territorios de Galicia no Imperio Romano.

▪ **Dominación e Resistencia.**

Para afianza-la conquista, logo da invasión militar, os romanos instauraron as súas propias formas de goberno, asentaron membros da súa administración e concitaron apoios de membros da poboación nativa, especialmente as elites dos castros. Para a ocupación do territorio empregan os camiños existentes e as vías naturais de comunicación utilizadas nas operacións militares e para a penetración de novos produtos.

Cara o remate do século I d.C. algúns castros acadan o seu apoxeo urbanístico, mentres noutros documentáanse certos síntomas de decadencia e abandono. Esta heteroxeneidade do mundo castrexo será importante á hora de reflexionar encol dos diferentes grados de aculturación da poboación nativa fronte ó invasor.

Dos **acantonamentos militares** e de grandes poboacións nativas xurdirán as cidades que serán as sedes das novas institucións, ó seu carón promóvese a creación doutros núcleos urbanos que van servir de ponte entre as cidades e as poboacións preexistentes, ó tempo que se impulsará a creación de novas poboacións como as aldeas e as vilas.


O mundo dos castros, moi atomizado e diversificado xeograficamente, non respondeu de igual xeito á aculturación; as áreas máis meridionais e as costeiras foron, en xeral, máis permeables cas do interior, agás naquelas zonas onde Roma centrou as actividades mineiras e comerciais. O resultado da implantación do modelo socio-político do invasor foi desigual nas diferentes áreas de Galicia, apartándose claramente do modelo establecido na Meseta.

Dentro do proceso de integración subscribíense os chamados **Pactos de Hospitalidade**, documentos comúns en varias áreas da Hispania onde gozaban de certa tradición; neles establécense unha especie de tratado de amizade entre dous poboacións nativas ou entre unha nativa e os romanos.

A conquista romana non supuxo o **abandono dos castros**, nin o traslado da poboación dos outeiros ás chairas; este mandato de Augusto tivo escaso eco no noso país. O poboamento castrexo continuou baixo a dominación, e perviviu logo que marcharan os romanos. Non cabe dúbida que nos castros viviu a meirande parte da poboación da Época Romana na nosa terra. A organización social e territorial nativa foi, nunha primeira fase, utilizada para a integración, adaptándoa ós intereses dos acabados de chegar, nunha segunda fase os efectivos de inmigrantes xunto coas elites colaboracionistas dos castros van dando paso ás novas maneiras, xa plenamente romanas, alo menos exteriormente.

A **organización administrativa** romana asentábase, fundamentalmente, nas cidades e nas provincias. As cidades, con certo grado de autonomía, constituían o eixe fundamental da vida política e económica; as provincias eran mandadas por un gobernador que exercía o poder de Roma e era o encargado de facer cumprir as súas leis. Esta organización dos territorios conquistados foi necesaria para facilitalo seu control e explotación.

A área do noroeste peninsular que coincide coa actual Galicia non tivo esta denominación ate tempo despois da chegada dos invasores, eles dividen o territorio e **provincias** que ó longo do tempo cambian de denominación e de extensión. A Península Ibérica (Hispania) estaba dividida nun primeiro momento en dúas provincias Hispania Citerior e Ulterior, Augusto cara ó ano 27 a.C. divide a Ulterior en dúas provincias (Baetica e Lusitania), posteriormente a finais do século III d.C. nace a provincia Gallaecia; habitada polos *callaeci*, nome do primeiro pobo coñecido polos romanos ó Norte da Lusitania, ou da interpretación ou traducción que fixeron del.




As provincias estaban divididas en **conventos xurídicos**, entendidos como estruturas de demarcación territorial que posúen unha capital administrativa para exercer o control político-militar na súa área de influencia. O noroeste peninsular estaba comprendido en tres conventos: Lucense, Bracarense e Asturicense, con capitais en Lugo, Braga e Astorga. Os seus límites son controvertidos, pero parecen apuntar á existencia dalgunha organización anterior, as poboacións de cada convento manteñen uns aires culturais comúns cos diferencian dos outros.

▪ **Obras Públicas.**


As obras públicas son instrumentos do Estado, a súa construción era de vital importancia para o espallamento do novo poder e para o control dos pobos sometidos. As vías marítimas e terrestres eran canles de intercambio de produtos, pero tamén eran utilizadas para a implantación da nova cultura e para cos exércitos puidesen apagar con máis prontitude calquera conflito ou resistencia. A construción de edificios públicos obedecía a unha dobre vontade, por unha banda dar cabida ás novas sedes administrativas, pero pola outra establecer un goberno alleo con institucións alleas, onde a magnificencia dos edificios administrativos formaba parte do aparato propagandístico.

Durante o proceso de conquista os romanos valéronse dos camiños, pontes e outras obras viarias para o despregue dos seus exércitos, pronto deseñarían unha




Trazado das vías no Noroeste

A Via XVIII, entraba a Galicia por Portela do Home, cruzaba a Limia en dirección ó Alto da Cerdeira para chegar á conca do Sil, dende aí cara Valdeorras, entrando en León pola Serra da Enciña da Lastra. A Via XIX cruzaba o Miño en Tui subía cara a Padrón, dende aí á zona comostelán, para seguir por un traxecto próximo ó Camiño Francés ate as inmediacións de Lugo, para dirixirse ó Bierzo utilizando as vías naturais pdas que pasa o Camiño Francés. A Via XX segue á anterior ate Padrón, seguindo pola Terra de Sonleira ate A Coruña, e volviendo a Lugo por Sobrado.



Esquema dunha vía

A construción ideal dunha vía contempla varias capas e elementos: Primeiro cdoicábase un leito de croios (*statumen*) de asento e drenaxe, enriba del unha capa de grixo compactado e mesturado con argamasa (*rudis*), logo colocában unha capa de grixo máis miúdo mesturado tamén con argamasa e máis compactado (*nucleus*) que servía de asento da parte superior, do pavimento, configurado por lastróns (*summa crusta* ou *summa dorsum*). As marxes da calzada podían estar delimitadas por unhas laxes cdoicadas de canto (*umbones*) como pequenos beirís e ter beirarrúas (*crepidines*) xeralmente sen pavimentar. Cada 1.500 pasos colocábase os miliarios, semellantes ós postes quilométricos actuais.



Campamento romano de Cidadela

En Cidadela (Sobrado) asentáronse 480 soldados a Cohors I Celtiberarum que pertencía á Legio VII Gemina, esta unidade estivo con anterioridade en Mauritania e cando abandona Cidadela vaise á Iuliobriga (Rianxa, Cantabria). O Campamento ten 172 por 140 metros, está rodeado por un muralla e conserva nalgúns lugares o foxo. Interiormente esta dividido en rúas rectas ó carón das que se constrúen os edificios: cuartel xeral, dispensario e almacéns. Neste xacemento recuperouse gran cantidade de cerámica e materiais metálicos, ademais dunha pequena estatua da deusa Minerva e un altar dedicado á deusa Fortuna.

rede de camiños ou **vías** que uniría capitais dos conventos xurídicos e articularía o territorio. Melloraron os camiños anteriores e construíron outros de novo trazado, as vías principais estaban pavimentadas, e tiñan xeralmente un ancho de cinco metros, as secundarias serían de terra e máis estreitas. Para conectar dous lugares tentaban marcar unha liña recta para facer máis curto o traxecto, curvándose para salvar grandes desniveis.

Ó carón das vías situábanse unha serie de elementos e instalacións complementarias para facer máis doada a viaxe. Os **miliarios**, semellantes ós postes quilométricos actuais, ofrecían información ós viaxeiros das distancias entre as distintas poboacións, pero tamén eran monumentos honoríficos que recollían os títulos do emperador. Ó longo das vías situábanse unha serie de pousadas, **mansiones** (*mansio viarum*), creadas para o descanso dos viaxeiros, onde se podían mercar víveres e cambiar os animais de tiro por outros frescos, estaban separadas pola distancia que se podía percorrer nunha xornada. As **pontes** eran as obras máis sobranceiras da comunicación viaria, as de madeira executadas polos nativos son substituídas por outras de pedra construídas con arcos, estruturas moi sólidas que perduraron ó longo do tempo.

O **trazado das vías** principais está descrito no "Itinerario de Antonino", realizado a comezos do século III d.C., nel menciónanse tres vías en Galicia que unían Braga con Astorga por diferentes lugares: A Via XVIII, a Via Nova (pola provincia de Ourense); a Via XIX (por Lugo); e a Via XX (pola costa de Coruña).

As **comunicacións marítimas** e fluviais tiñan gran tradición na época prerromana para o intercambio de mercadorías e de ideas; as embarcacións romanas xeralmente de pouco calado podían penetrar longamente polos ríos. Os romanos non necesitaban grandes **peiraos** onde amarralas embarcacións, varaban nas praias, ou fondeaban preto da costa e outras embarcacións menores levaban as mercadorías á terra. Na Coruña a epigrafía ofrece datos indirectos da existencia dun peirao pola existencia de mencións a funcionarios que

recadaban tributos no porto. A existencia de **faros** que axudaran á navegación está amplamente reflectida nas fontes clásicas, a Torre de Hércules é un exemplo deste.

Dentro das obras de **enxeñaría militar** destacan as murallas de defensa das cidades e os acuartelamentos militares. As murallas de Lugo érguense entre os anos 265 e 310 d.C., como consecuencia da crise e inestabilidade política acontecida coa Anarquía Militar. Os campamentos militares sitúanse en lugares ben comunicados, ás beiras das vías principais, e dótanse dunha serie de estruturas defensivas e habitacionais de carácter permanente, en Galicia coñecemos dous deles: Cidadela (Sobrado) ó pe da Vía XX, e Aquis Querquernis (Bande) na Vía XVIII.


▪ **Poboamento.**

Nesta época van convivir dous tipos de poboamento ben diferenciados, xuntos ós castros habitados polos nativos que perdurarán ate comezos da Idade Media, os invasores propiciarán a creación de novas entidades de poboación; Unhas urbanas como as cidades e municipios e outras rurais como aldeas, casais e feiras. Os novos asentamentos vanse facendo máis numerosos co paso do tempo, albergando primeiramente ós invasores e ós seus satélites, para despois acoller ós aculturados, mentres a meirande parte da poboación seguiu habitando nos castros.

En algúns **castros** coa presenza dos romanos vanse a notar unha serie de novidades, constrúen grandes murallas de pedra e edificios de uso comunitario como alxibes e saunas, nalgúns xacementos existen rúas rectilíneas con beirarrúas, e algúns tellados serán cubertos co sistema romano de tella plana e curva. Tamén será común a presenza cerámicas e outros materiais producidos en obradoiros romanos.


As **cidades** creadas por Augusto (Astorga, Braga e Lugo) a finais do século I d.C. son promovidas a capitais de conventus xurídicos, xunto coas cidades aparecerán outros núcleos urbanos como *Aqua Flaviae* (Chaves), *Bergidum Flavianum* (Cacabelos), *Flavianum Brigantium* (A Coruña), *Iria Flavia* (Padrón) e *Lucus Asturum* (Xixón). As cidades romanas eran en certa medida autónomas, baseadas no concepto de cidade-estado das *polis* gregas, o estado delegaba nas autoridades locais numerosas atribucións a cambio de recibir cuantiosos tributos. As cidades adscribíase un territorio (*ager*) para ser explotado economicamente.

O **urbanismo** das cidades deseñábase con trazos sinxelos onde as rúas eran paralelas e perpendiculares unhas coas outras. Incluía servizos urbanísticos como abastecemento de augas, evacuación de fecais e pluviais, prazas e edificios públicos. O **Foro** (*forum*) era o centro da vida das cidades, nel cruzábanse



A cidade

A fundación dunha cidade seguía un rito de tradición Etrusca, cunha gran carga simbólica e relixiosa, dividido en catro actos: Na inauguración o fundador coa axuda dun *avgrv* (interprete de agoiros) analizaban os auspicios e trazaban un templo. Na orientación o fundador asistido polo *avgrv* e un agrimensor determinan a vía principal da cidade (*decumanus maximus*) en dirección Leste-Oeste e o punto onde se establecería o centro da cidade (*forum*) e a intersección coa segunda vía en importancia (*cardo maximus*). Seguidamente procedíase coa delimitación, o fundador cun arado tirado por un touro e unha vaca (imaculados e non xunguidos antes) trazaba cun rego os límites da cidade, levantando o arado nos lugares onde se situarían as catro portas da mesma. Coa consagración, ofrenda de sacrificios, remataba o rito da fundación.




A casa

A casa romana é de procedencia rústica, estaba organizada ó redor dun patio central ó redor do que se desenvolaba a actividade cotián e as tarefas de transformación agraria. Este modelo impoñíase ás cidades onde se abrían os baixos que dan á rúa para albergar tendas e obradoiros. Pasado o tempo xurdirá unha nova tipoloxía máis luxosa, o pazo ou vila señorial, que incorporará un segundo patio.



Edificios de apartamentos

As mazás das cidades estaban compostas de casas unifamiliares e edificios de apartamentos (*insulae*) onde cada familia vivía nun apartamento (*cenacula*) sen auga corrente, nin saída de fumes. Estaban mal construídos, ardendo e detrubándose con facilidade. Os baixos alugábanse para almacéns, obradoiros e tendas.



Vila rústica

Son grandes edificios que conxugan a casa do señor de grandes dimensións e luxos, coas instalacións propias dunha gran explotación agrícola. En Galicia aparecen no interior, en vales e chairas fértiles, e tamén ó carón do mar para aproveitar os recursos mariños, especialmente para producir salgaduras de peixes para a exportación.

As **termas** e os baños públicos responden tanto a unha necesidade hixiénica, como a un acto social. Tiñan espazos para diferentes usos, ximnasio (*palaestra*) piscina de baños temperados (*tepidarium*), de auga fría (*frigidarium*), e piscina de auga quente (*caldarium*). A auga quecía co sistema de *hypocaustum*; o chan do edificio estaba construído enriba dunha estrutura (*suspensura*) por onde se facía pasar aire quente procedente dun fogar *praeefurnium*.

Os romanos promoveron a creación de novos **asentamentos rurais**, as **vilas** (*villae*) eran grandes mansións que agrupan a vivenda da familia do señor e as instalacións necesarias para a explotación, fanse comúns na **Gallecia** a partir do século III d.C.; tamén promoveron a creación **fora** (mercados) co obxectivo de converter en núcleos comerciais os lugares onde os nativos celebraban feiras periódicas, como *Forum Limicorum* (Xinzo da Limia), *Forum Bibalorum* (Verín), *Forum Gigurrorum* (Valdeorras) e *Forum Iriensium* (Padrón). E outras entidades menores semellantes ás aldeas ou casais como os **vici**.

as dúas rúas maiores, aglutina a vida administrativa, comercial e relixiosa. A poboación instalábase en casas baixas, edificios de apartamentos, e os máis poderosos en pazos urbanos, A **casa baixa** (*domus*) nun primeiro momento era unha sinxela vivenda unifamiliar, con poucas ventás cara ó exterior e organizada cara un patio interior (*atrium*), a **casa señorial** ou pazo urbano distingue dous espazos (social e doméstico) ó redor de dous patios luxosos. As clases menos favorecidas vivían en pequenos **apartamentos** de aluguer (*cenacula*) distribuídos en edificios de pisos (*insulae*) construídos con materiais de mala calidade e executados para non durar.

A maioría dos **edificios públicos** estaban ó redor do Foro, herdeiro da ágora grega, deséñase como un espazo porticado o carón do cal concentrábase toda a vida pública e os principais edificios públicos. Os templos, semellantes ó gregos, construíanse enriba dun alto podio, con entrada cara a praza, diante deles rendíase culto os deuses e se facían sacrificios e rogativas, ademais de oficiarse consulta sobre o futuro (oráculos). A curia era o centro do poder civil e militar, sede da asemblea local e vivenda dos rexedores. A basílica era un gran edificio rectangular, distribuído nunha ou en tres naves abovedadas, nelas administrábase xustiza e realizábanse transaccións comerciais. Tamén situábanse na área do Foro as tendas e negocios dos artesáns, o mercado (*macellum*) e as termas, mentres cos edificios para espectáculos estaban apartados do centro e algúns deles como o teatro e anfiteatro adoitaban estar fora do perímetro das cidades.

As cidades e algúns establecementos rurais moi ostentosos podían ter **edificios de lecer**, como teatros ou termas. Os espectáculos públicos (*ludi*) eran un dereito dos cidadáns, os rexedores das cidades tiñan que ofrecer en datas sinaladas estes espectáculos ó pobo. En Galicia acháronse restos de baños e termas, pero aínda non das outras construcións, estas se foran levantadas para cada ocasión con materiais desmontables e perecedoiros non deixarían moitas trazas ca arqueoloxía puidese detectar.

▪ **Economía.**

A economía romana baséase na esquilma de tódolos recursos ó seu alcance sen planificación algunha para manter unha administración con altos custes e un exército cada vez máis grande. Para afrontar estes gastos necesitábanse inxentes recursos procedentes dos **tributos**. Augusto completou a reforma comezada por César, substituíndo o tradicional diezmo (10% da produción) por un imposto persoal (*tributum capitis*) e outros que gravaban ós bens raíces (*tributum soli*). Para a valoración das rendas confeccionábanse censos por provincias, encargándoseelles ás cidades a súa recadación. A maioría dos impostos eran aplicados só ós cidadáns romanos, a concesión de cidadanía outorgada por Caracalla no 212 a.C. foi unha fórmula para contar con máis contribuíntes as arcas de Roma: un privilexio con obrigas fiscais.


A desvalorización monetaria como consecuencia da **crise do século III d.C.** provocou o aumento do volume monetario circulante, a desaparición da moeda de boa lei e a alza dos prezos. Para tentar frear a inflación Diocleciano establece un novo sistema monetar, baseado no *folis* de bronce en lugar do áureo e tenta a unificación dos tributos co sistema *iugatio-capitatio* que gravará ás terras (*iugatio*) e ás cabezas (*capitatio*). Creáranse novos impostos que asfixiarán ós membros das administracións das cidades que optarán por establecerse no campo.

A **agricultura** romana baseábase en grandes explotacións orientadas preferentemente a un dos tres cultivos básicos do mediterráneo: trigo, vide e oliveira. Na Gallaecia non tivo lugar, como noutras zonas da Hispania o latifundio baseado na explotación dun monocultivo, a distancia xeográfica con respecto á metrópole e as características climáticas e morfolóxicas da nosa terra non facilitaban a súa implantación. Os romanos introduciron ben poucos adiantos na agricultura galega: A vide comézase a cultivar, moi timidamente nesta época, haberá que esperar á Idade Media para a súa gran expansión; introducen melloras nas árbores de froita como no castiñeiro; e espallan a reixa metálica nos arados preexistentes.

A **gandería** predominante sería semellante á anterior, nos asentamentos creados polos romanos nótase unha clara diferenza cos hábitos castrexos. Sobre o consumo do porco sacrificando adultos e tamén leitóns, descende o consumo de ovella e cabra, mentres ca dieta complétase coa presenza de aves domésticas, introducidas polos romanos, como galiñas e gansos.

O aproveitamento de **recursos mariños**, tanto a pesca como o marisqueo están ben documentados nas etapas anteriores, agora difúndense novas artes e perfecciónanse as anteriores. Do mesmo xeito que acontece no agro créanse vilas costeiras para explotar os recursos dos noso mar: establécense secadoiros de peixes e instalacións de salgaduras onde se produce *garvm* para a súa exportación. O *garvm* é prebe ou pasta empregada xa polos gregos, foi moi cobizado polos romanos co produción en moitos lugares do imperio, era un preparado feito dunha mestura de peixes azuis coas súas entrañas e maceradas nunha salmoira, aderezada con herbas aromáticas.



Antes da chegada dos romanos os nosos paisanos empregaban técnicas de bateo e peneiras no aproveitamento dos metais que ofrecía



viño e aceite traídos en ánforas dende a Bética, nunha segunda etapa, que duraría ate a crise do século III d.C., vense rematadas as obras de rede viaria que facilitarán a entrada de produtos de luxo elaborados noutras partes da Hispania, a partir da segunda metade do século III d.C. decae o comercio marítimo de longo percorrido, como tamén será menos fluído o comercio polas vías terrestres.

Descoñecemos o sistema prerromano de referencia mercantil, pero, fora cal fose, foi suplantado polo romano. O novo **sistema de pesos e medidas**, elaborado a partir das gregas, establece como unidade de masa a *libra* (327,45 gr), e de volume o *sextarius* (0,547 l); aínda que tamén se usara o volume para medir sólidos como o trigo, adoitando utilizar un *modius* (8,754 l) para elo. As cidades tiñan un xogo oficial de medidas para resolver calquera controversia. As mercadorías eran pesadas con dúas clases de balanzas: a de brazos iguais (*bilanx*) e a de brazos desiguais con contrapeso (*statera*) coñecida tradicionalmente como "a romana".

A **economía monetaria** vaise introducindo lentamente, amosando maior arraigo nas cidades e nos outros hábitats de nova planta onde a poboación foránea era predominante, mentres ca poboación maioritaria, a nativa, mantivo o emprego do troco nas súas relacións comerciais. A moeda como tal penetra en Galicia da man dos invasores para pagar á súa soldadesca, con este fin Publio Carisio ou Caio Antisio Vetus manda acuñar, probablemente en Lugo, a moeda coñecida como caetra. A presenza de moedas no noso país fluctúa no período romano; No século I d.C. abandonan as moedas de prata (denarios) e bronce (ases e semis), no século II d.C. redúcese o achado de moedas, mentres que dos dous séculos seguintes consérvanse abondosas mostras, especialmente de bronce (folles). O aumento da presenza de moeda testemuñase ó longo do século III d.C. como consecuencia do proceso inflacionista deste período de crise.



a terra. Os romanos centran a súa **explotación mineira** na extracción de ouro na área oriental de Galicia, nas cuncas do Navia, Sil e Lor; onde utilizan métodos de extracción masiva que derrubaban os montes coa axuda da auga, a *arrugia* e a *ruina montium* eran as técnicas máis utilizadas.

A **actividade comercial** estaba ben desenvolada nos tempos anteriores á conquista; os artesáns itinerantes e as feiras eran os vehículos de intercambio de mercadorías a escala rexional, os contactos por vía marítima con comerciantes mediterráneos estaban establecidos dende hai tempo. Cos romanos estas actividades son afianzadas ó tempo que se establecen novas rutas comerciais cas áreas do poder imperial. Nos primeiros tempos predomina o comercio marítimo, controlado por familias gaditanas, que introduce no noso país cerámica fina de mesa procedente das Galias, así como

▪ **Sociedade.**

A **resposta da sociedade nativa** ante a asimilación é diversificada. A meirande parte seguiu vivindo como antes, non estarían escravizados, formarían parte do grupo dos *peregrinii* (individuos libres, sen cidadanía romana, nin latina), e estarían rexidos polas leis da súa comunidade de orixe. Algúns enrolaríanse no exército romano, baixo a promesa de cartos, e terras ó xubilarse, volviendo logo ó seu país onde difundirían os modos romanos, nunha mestizaxe en certo modo grotesca. Estes e outros asimilados achéganse á cultura foránea comezando a falar en latín, adquirindo un nome coa fórmula romana (*praenomen* –nome de pila-, *nomen* –apelido- e *cognomen* –alcume-), e vestíndose como os invasores. Unha parte da elite castrexa na procura de promoción persoal

que possibilite o seu ascenso social e económico emulará, aínda que con certa torpeza, ós modos do invasor.


A **sociedade romana** era unha sociedade clasista, baseada da desigualdade en dereitos e obrigas das diferentes clases sociais. A primeira división reside na existencia de persoas libres e de escravos, sendo os libertos escravos liberados (manumitidos) que non gozan da consideración de libres. Os **libres** están xerarquizados nunha serie de *ordines*: *ordo decurionum* formado polas oligarquías das cidades, *ordo equestre* agrupa á elite militar e administrativa, e o chanzo superior correspondía ó *ordo senatorial*, composto polos senadores e membros da nobreza romana. O estamento dos homes libres non incluídos nos *ordines* (*extra ordines*) estaba composto por individuos dos baixos estratos sociais que posuían a cidadanía, xuntos cos que non a posuían. Os **escravos** tiñan a condición de instrumento ou cousa, denominándose *instrumentum vocale* (ferramenta que fala) en contraposición ós animais (*instrumentum semivocale*). Os donos liberaban ós escravos coa manumisión, un documento no que se establecía as obrigas que debían manter para o seu dono, patrono logo da liberación.

A **educación**, influenciada pola experiencia grega, estaba fundamentalmente relacionada co mundo urbano. A educación infantil produciase no ámbito doméstico, onde a nai era a encargada nos primeiros momentos, os nenos e nenas até os 12 anos podían asistir a escolas onde os mestres (*magisteres*) ensinaban a ler e escribir. A partir dos 12 anos as nenas deixaban de estudar para dedicarse ás tarefas domésticas e a coser, mentres cos nenos, coa axuda dun *gramaticvs* iniciábanse nos textos gregos, filosofía, retórica e oratoria. As rapazas reclusábanse nas casas até se casar, e os rapaces pasaban o tempo xogando e nos lupanares, até os 16 anos cando iniciaban a carreira política ou militar. Os membros das clases menos favorecidas non irían á escola e traballarian dende a súa infancia cos pais.

No **aseo persoal** dábanse tamén claras diferencias, poucas vivendas contaban con auga corrente e sumidoiros, o aseo do pobo era escaso, mentres cos outros lavábanse cara e mans ó espertar o día, logo o barbeiro persoal (*tonsor*) barbeaba e cortaba o pelo do señor, tamén existían barberías (*tonstrinae*) para eso. Os baños públicos ou privados acudíase pola tarde, para asearse e para relacionarse socialmente. Tiñan servizos (*letrinae*) públicos e privados; había que pagar para usar un dos varios postos das letrinas públicas, estas tiñan auga corrente onde se mollaba una esponxa utilizada para a limpeza.

A **vestimenta** era un símbolo de diferenciación social, un conxunto de normativas, coñecidas como *Sumtuaria Leges* (leis suntuarias) regulaban o tipo de roupa e cores de uso para as diferentes clases sociais, así identificábase a simple vista o rango e dignidade de cada individuo. A **toga** era a prenda tradicional das clases poderentes, consistía nunha gran peza de tela (5,6 por 2 metros) que por unha complicada sucesión de pregues e dobreces cubre o corpo dunha persoa dende o colo até ós nocellos. A toga fora da vida pública e oficial era substituída por outras vestiduras como a **túnica**, a roupa máis usada, que consistía en dúas pezas de tela cosidas polos laterais, deixando sitio para os brazos e cabeza.

As **vivendas** da maioría da poboación eran modestas e sinxelas, escasamente decoradas e con mobles de madeira como bancos (*scamma*), tallos (*subsella*) e catres; non tiñan auga corrente, tiñana que buscar nas fontes; tampouco dispoñían de calefacción, quentábanse con braseiros; non tiñan cociñas nin chemineas nos apartamentos (*cenacula*), comían frío ou ían as *tabernae*; en lugar de cristais tiñan telas nas ventás para se protexer da auga e do frío. As casas dos ricos estaban moi decoradas, tiñan gran cantidade de mobles, de madeira e



de metal, tiñas cociñas, baños, e distintas dependencias.

Na **comida** dábase tamén unha gran polarización, mentres cuns enchíanse nos banquetes, a maioría comían pouco e mal: Pratos sinxelos, moitas veces fríos, especialmente alimentos moi triturados (papas, purés, albóndegas, etc.) para agochar a mala calidade dos produtos, principalmente comían pan, queixo, olivas e froitos secos. Os que podían celebrar tres comidas ó día: Un lixeiro almorzo (*ientaculum*), pan e aceite ou queixo tomados de pe; o xantar (*prandium*), para moitos a única comida do día, consistente en carne fría, verduras, pan e viño, os privilexiados facían moi lixeira, e moitos deles saltábana; a cena (*cenae*) era a comida principal da alta sociedade, tomada logo do baño, comezaba con ensaladas, para seguir con peixes e carnes aromatizadas, e rematar con doces e froitas, o resto da poboación ceaba os restos do xantar ou pan e queixo.

A **cultura** latina herdeira directa da grega penetra no noso país por medio dos círculos da alta burocracia dos novos asentamentos urbanos. Estes grupos consumen e demandan manifestacións culturais propias de Roma, produtos de importación ou elaborados aquí por artesáns alóctonos; o resto dos romanos e asimilados consumen unhas realizacións onde a tradición nativa emerge fronte o estilo e iconografía romanas. Literatura, Arte, Dereito e Espectáculos son os máximos expoñentes da cultura latina, deixando a un lado o latín, a maioría destas manifestacións serían descoñecidas para a maioría da poboación da época. O latín suplantaría ás linguas nativas nun proceso pouco coñecido no que tivo máis importancia o cristianismo medieval ca presenza de soldados e asimilados no mundo rural, que por outra parte falarían un latín medio-cra.

A **latinización** do Noroeste é un proceso complexo que se sustentou en múltiples causas. Ó longo deste proceso as diferentes linguas convivirían, nun primeiro momento, illadas entre elas, logo produciríase un bilingüismo en certos individuos que servirían como vehículos de propagación da nova fala, as seguintes xeracións de asimilados falarían latín, e este espallariase con eles cara á meirande parte do territorio nos ámbitos aculturados. Os nativos non tiñan documentos escritos nas súas linguas, por elo non podemos precisar até qué tempo perviviron as linguas vernáculos. Unha parte da poboación seguirón a empregar nos castros, e no ámbito familiar, mentres co latín era a lingua da administración, a lingua escrita, a lingua culta. Cara ó século III e IV d.C., dariase a aceptación e a utilización cotián do latín, a latinización completa do noso país témola que buscar na expansión da cristiandade polo mundo rural, a partir do século V d.C. non na época da dominación romana.

A orixe dos **xogos públicos** (*ludi*) en Roma relaciónase cos ritos funerarios ancestrais, onde se efectuaban combates rituais na honra dos defuntos. Combates e competicións ximnásticas que eran comúns na Hispania prerromana, especialmente na Lusitania e no Norte da Iberia. Os *ludi*, sen perder as súas raíces relixiosas convértese nun instrumento propagandístico ó servizo da aristocracia romana e do emperador, con lema *panem et circenses* (comida e entretemento) resumían a súa estratexia para controlar ás masas. Entre os espectáculos existentes o **teatro** estaba dedicado a espectáculos de tipo escénico, no **anfiteatro** tiñan lugar os combates de gladiadores, loitas con feras e representacións de batallas navais, mentres co **circos** estaba destinado a competicións deportivas: exhibicións equestres, carreiras pedestres, carreiras de carros, etc. Os xogos lúdicos decaen en Hispania a partir do século III d.C., o cristianismo condena ós xogos, pero a súa decadencia ten máis relación coa crise da época e coa decadencia urbana.

O **dereito** baséase nas tradicións dos antepasados (*mos maiorum*) que rexían a vida de Roma até mediados do século V a.C., cando se redacta a primeira lei escrita, a Lei das Doce Táboas (*Lex Duodecim Tabularum*). É unha Lei cruel na que se disocia o legal (*ius*) do que é xusto (*aequitas*), mantense a Lei do Talión (ollo por ollo, dende por dente) ó lado da imposición de multa para resarcir-lo dano causado, establece a salvagarda do patrimonio e da autoridade do cabeza de familia (*pater familias*): único titular de dereito. A expansión territorial obriga ós romanos a elaborar un sistema legal novo, cada territorio invadido contaba co seu propio sistema, por eso era necesaria a existencia dun código común. O sistema xurídico é moi complexo, e en certa medida contradictorio, polas distintas institucións que sentaban xurisprudencia e dictaban leis. A súa complexidade fai necesaria a sistematización do Dereito, a primeira o *Codex Theodosianus*, mandada facer por Teodosio II, entrará en vigor no ano 439 d.C., sendo Xustiniano I quen patrocinou a recompilación das leis anteriores no *Corpus Iuris Civilis*, posteriormente o xermano Alarico vai recoller nunha obra o Dereito Romano e as costumes dos pobos xermanos na *Lex Romana Visigothorum* que será a base do dereito actual.



▪ **Artesanías.**

Na artesanía desta época obsérvase unha clara dualidade, mentres entra en acción unhas producións exteriores de acorde cos gustos romanos, van a persistir obradoiros rurais e nalgún caso nas cidades que produzan artigos onde os gustos nativos están moi presentes. Vaise trocando a economía autárquica, onde a maioría das artesanías executábanse no eido familiar, cara á unha economía mercantil, onde a **especialización do traballo** da lugar a profesións antes impensables: taberneiros, panadeiros, telleiros, carpinteiros, talabarteiros...

As formas **cerámicas** anteriores permanecen nos poboados castrexos, mentres ca introducción do fogar elevado vai colléndolle sitio ás lareiras, así as grandes olas que penduraban de camalleiras deixan paso a outros recipientes postos ó lume enriba de estrepías. A produción oleira de ámbito local vai coexistir coas elaboracións de alfares, como as de Lugo e Braga, que situarán ás súas elaboracións nun ámbito xeográfico máis extenso, producíndose unha certa mestizaxe entre os tipos mediterráneos e os nativos. A produción oleira incorpora neste tempo dúas innovacións: o torno rápido e os fornos de cúpula queñados dende abaixo. Tamén se atopan producións esóxenas de alta calidade (sigillata, de paredes finas, pintada, lucernas, etc.), e contedores cerámicos como as ánforas.


Dentro das cerámicas de luxo e importación, destaca a coñecida como **terra sigillata**, chamada así polo estampado do selo do oleiro que adoitan levar. Son cerámicas torneadas dentro dun molde que teñen un característico verniz vermello e adoitan estar decoradas con motivos xeométricos e figurativos. Presentan moi diversas formas, dende cuncos e pratos até botellas e cantimploras. O estaren feiras a molde é unha produción estandarizada que permite coñecer-lo seu lugar e data de elaboración. Atópanse sigillatas de diferentes cronoloxías e procedencias; cara ó cambio de Era os exemplares recuperados en Galicia proceden da península italiana, posteriormente van aparecendo pezas dos alfares do Sur da Galia, e a partidos do século II d.C. fanse comúns as producións hispanas de Trico (A Ríoxa) e Andújar (Xaén).

As **lucernas** son uns obxectos de cerámica ou metal de forma circular ou alongada que eran utilizados para a iluminación de interiores. Contían aceite no seu interior que ardía co concurso dunha mecha de fió. Predominan as de cerámica, elaboradas a molde, e decoradas na súa parte superior con motivos mitolóxicos e outras escenas, incluso eróticas.

Así mesmo se producen **ánforas** que eran empregadas para o transporte de mercadorías, especialmente no comercio marítimo, podendo conter viño, aceite, cervexa, salgaduras de peixe e trigo. A súa gran variedade nas formas depende do uso para o que estaban concibidas e da época de produción. Son grandes recipientes cerámicos con corpo ovoide, colo longo coa boca engrosada, con dúas grandes asas que dende a boca van até o corpo, e que presentan no extremo inferior un característico pivote para seren estibadas con facilidade nos barcos e fincadas na area dos varadoiros.


Confeccionan pequenos envases de **vidro** con formas de vasos, xerras, cuncas, botellas e funís, pero tamén camafeos e cristais para ventás, como os atopados no Campamento de Cidadela (Sobrado). O vidro non era un elemento de uso cotián, era un elemento de luxo, chegan á Gallaecia dende a Tarraconense utilizando as vías terrestres tamén usadas pola **terra sigillata**.

As artesanías incluían numerosos **obxectos de bronce** utilizados para o adorno persoal e moitas outras funcións, destacan os prendedores ou fibulas xa empregados polo castrexos, tamén aparecen fibelas para os cintos, e outras pezas para adornar correaxes e arneses. Os aneis eran os únicos




Terra Sigillata
As formas da cerámica *Terra sigillata* son moi variábeis, pero son fáciles de distinguir polo coitado da súa elaboración e polo seu característico engobe vermello. Son cerámicas finas torneadas dentro dun molde do que saen decoradas.

Selo do oleiro.



Anfora


Nas ánforas viñan ás nosas terras viños e aceites do Sur de Hispania, e nelas exportábanse salgaduras de peixe.



Sobre unha armadura de madeira códoñase unha serie de grandes ladrillos rectangulares (*tegulae*) con sendas pestanas laterais, as fiadas de pestanas, dúas a dúas, son cubertas cunha tella curva (*imbrex*) para asegurar a súa estanquidade.

e decoracións, así como na confección de teas máis longas.

Os romanos introducen a **cerámica de construción**, ladrillos cadrados ou rectangulares de dimensións determinadas (bessales, sesquipedales, e bipedales). eran utilizados para facer muros, bóvedas e pavimentos unidos cunha argamasa semellante ó cemento, tamén producían outras formas de ladrillos para facer cimbras, columnas e orlas, e **tubos** para canalizacións como os atopados na vila de A Graña (Xermade). Os exemplos máis numerosos de cerámica aplicada á construción son as **tégulas e imbrices** cos que cubrían os tellados.



Cerámica de construción

Aparte dos ladrillos cadrados e rectangulares utilizados para levantar muros e pisar pavimentos elaboraban algúns de formas distintas para seren aplicados a usos máis determinados.

▪ **Arte.**

Na época romana danse na **Gallaecia** dúas correntes ben definidas: A **arte culta** enténdese como a destinada ós de burócratas romanos, comerciantes e aristocracia das cidades e vilas, así como ás elites nativas máis aculturadas e de maior nivel adquisitivo, o seu código responde a esquemas clásicos comúns en todo o Imperio, pero con certas variantes locais; mentres ca **arte popular** adecúase ó consumo do pobo romano, cuns códigos iconográficos máis sinxelos e comprensibles afastadas de complicadas metáforas e símbolos.


En **arquitectura** as obras máis salientables son as encadradas na sección militar (murallas e acuartelamentos) e a civil (pontes, faros e vías). Os edificios públicos conservados na *Gallaecia* son poucos, sendo o máis senlleiro o monumento de Santalla de Bóveda (Lugo). Monumento moi controvertido en canto a súa función e cronoloxía, aínda que se asuma xeralmente que non é anterior a finais do século IV d.C.; está moi desconfigurado por reutilizacións posteriores, conserva restos de dúas plantas de forma cuadrangular con ábsida ó fondo, na parte inferior mantén un pórtico de acceso ó interior, dividido en tres naves cunha piscina central.

A **escultura** é a manifestación mellor documentada no noso país. A corrente culta está representada polo grupo de Dionisos e Ampelos (labrada en mármore con temática e execución clásicas) atopada no xacemento da Muradella de Mourazos (Verín), e tamén por unha serie de estatuñas de bronce que representan deuses, como a Minerva de Cidadela, o Mercurio de Lugo ou o de Vilar de Barrio. Outras pezas en pedra representan figuras con toga e cabezas de deuses.

A maioría dos **relevos** encádranse na vertente popular, amosando claras trazas nativas; trátanse de estelas funerarias, como a Dionisos e Ampelos de Vigo, con remates semicirculares e a superficie dividida en varios rexistros onde se representan motivos xeométricos de tendencia circular, representacións antropomorfas e inscricións funerarias. Estes relevos son planos, de estilo esquemático e xeométrico.

A escasa conservación de **pinturas** desta época débese a súa técnica de execución; maioritariamente mural, coa ruina das estruturas arquitectónicas destrúense as pinturas. Nas cidades e algunhas vilas documéntase a súa presenza, pero en restos de pouca entidade. O exemplo máis complexo e mellor conservado é Santalla de Bóveda; na súa planta inferior conserva pintura mural nos arranques da bóveda dunha gran estancia, temas vexetais articulan unha retícula romboidal a modo de casetóns onde se inclúen representacións de aves (faisán, galo, ganso, perdiz, pavo, etc.).

De **mosaicos** consérvanse abondosas mostras, achadas tanto nas vilas como nos edificios máis luxosos das cidades. A temática decorativa pódese dividir entre figurados e xeométricos, aínda que poden aparecer exemplos onde se mesturen as súas temáticas. Nos figurativos adóndan os temas mariños como na Cigarrosa (A Rúa), Panxón (Ni-grán) e Batitales (Lugo), sendo máis escasos os temas mitolóxicos como tamén en Batitales e Armanyá (Lugo); os de decoración xeométrica abundan nas vilas rústicas, algunhas como en Eirexa Vella (Mañón) estes motivos pavimentan toda a estancia, noutras localizacións polas pequenas dimensións dos achados poderíanse tratar de orlas que bordearían escenas figurativas.



Dionisos e Ampelos

Dúas representacións do mesmo tema mitolóxico romano. Á esquerda unha escultura cunha interpretación colgada e puramente romana; na dereita unha estela funeraria onde a representación amosa claramente a súa concepción popular.



Santalla de Bóveda



Supón o mellor exemplo de arquitectura e pintura romana de Galicia. O uso desta construción aínda segue en esdarecese.

IOVI OP(timo) MA X(imo) FLA(vius) FLA VVS [E]X VO TO 1	D(és) M(an)ibus S(acrum) PVB LILI A FLORINA AN(no num) VIII(octo) H(ic) S(it)a E(st) 2	LAR(libus) VIA L(ibus) EX VO(to) 3
--	---	---

Epigrafía

A epigrafía latina drécenos, tanto en inscricións funerarias, como en votivas, os nomes das déidades que recibían culto. As dedicatorias a Xúpiter e ós Lares Viais rexistran a maioría dos votos documentados na *Gallaecia*, nunha proporción sen parangón no resto do Imperio. Estes votos son o reflexo do arraigo dos elementos das relixións anteriores na sociedade: o cristianismo tamén vai colocar cruceiros nas encrucilladas e cruces e ermidas nos outeiros.

1 - A Xúpiter o máis bo e máis grande, Flavio Flavus ofrece este voto e dedica este monumento; 2 - Consagrada ó Deuses Manes; aquí repousa Publilia Florina, morta ós oito anos; 3 - Os deuses das encrucilladas ofrezco este voto.

▪ **Relixión.**

O substrato relixioso anterior herdeiro das tradicións e rituais seculares vai ter gran vixencia na época romana, aínda que Estrabón afirmase que eran ateos. A relixión nativa rendía culto á natureza (ás montañas, ás augas, as pedras, etc.), a certos animais e plantas, ás encrucilladas e a algúns fenómenos da natureza.

A **espiritualidade romana**, baseada tamén na relixión natural, posúe certas similitudes coas relixións nativas do Noroeste. O sincretismo era unha forma moi útil para a penetración dunha nova relixión e evitar friccións coa anterior, os cultos anteriores permanecen, romanizando os seus nomes e rituais, tan só Augusto prohibe ós cidadáns romanos o culto druidico, prohibición que Claudio entenderá a toda a poboación.

No tempo de Augusto a relixión romana xa tiña mudado, a incorporación de divindades gregas ó seu panteón conxúgase coa **tendencia cara o monoteísmo**, pero tamén coa incorporación de cultos orientais –como o de Mitra-, o posterior culto ó emperador e o cristianismo; este monoteísmo personalizado na figura de Xúpiter enténdese como unha situación de superioridade sobre o resto dos deuses, non como unha negación dos outros.

Os gregos consideraban a Zeus como o pai dos deuses, como o Altísimo, o sincretismo helenizante fai cos romanos identifiquen a Zeus con **Xúpiter**. Será venerado nos outeiros de Italia, e tamén nos da mosa terra, feito que fai supoñer co culto a Xúpiter (pai da luz) sincretiza un culto anterior ás montañas; lugares onde nacen as treboadas e gárdanse os lóstregos, símbolos dos poderes do deus. O templo principal das cidades adoitaba estar dedicado á Triade Capitolina na honra de Xúpiter, Xuno e Minerva, símbolos respectivamente do poder, do saber e das relacións humanas.

Os nosos paisanos tamén tiñan unha particular devoción a **Marte**, deus da guerra, denominado Coso na *Gallaecia*, que tamén era venerado nas montañas. Outro culto de importancia era o dispensado ós **Manes**, entendidos como as ánimas dos seus defuntos, rendéndolles oracións e ofrendas para que non causaran dano ós vivos e non interferiran na súa vida.

Coa nova relixiosidade os nativos exteriorizan a súa concepción naturalista, vinculando as devocións anteriores coas múltiples divindades romanas. Honrarán ás Matres (protectoras da terra), ós Lugones (deuses dos bosques), ós **Lares Viais** (protectores dos camiños), e ás forzas misteriosas vencelladas ós ríos e fontes (identificadas coas ninfas ou con divindades como Navia). Aínda que como consecuencia do sincretismo non podamos coñecer cales eran os seus nomes orixinais e a súa verdadeira significación.

O **culto ó Emperador** ten un claro matiz político: obediencia e submisión á cabeza do Estado. A traveso de prácticas relixiosas redúndase na obediencia ó Emperador, revestido da dignidade de *Pontifex Maximus* (Sumo Pontífice). O arraigo deste culto baséase na psicoloxía de masas, as clases sociais pobres, máis desfavorecidas e máis atrasadas culturalmente, suxestionáanse esaxerando os triunfos e virtudes dos emperadores, desenrolando sentimentos de gratitude e admiración cara ós seus dictadores. Na *Gallaecia* o culto ó Emperador existiu dende os primeiros tempos da dominación; os nomes das cidades (*Bracara Augusta, Asturica Augusta e Lucus Augusti*) reflicten xa unha especial devoción cara o emperador Augusto, C. Paulo Fabio Maximo dedicalle varios altares a Augusto na nosa terra pouco despois do remate das guerras cántabras.

As cerimoniais relixiosas tiñan dúas vertentes, a familiar practicada nos propios domicilios e a pública desenvolada ó ar libre ou en edificios cultuais. Practicábase a prestación no senso de ofrecer algo en forma de ofrenda ou sacrificio na espera de obter aquilo demandado.

A crise do século III d.C. nas institucións romanas, xunto coa forte pegada de aires culturais do mundo oriental propician ca relixión imperial perda a observancia fiel dos seus ritos e cultos, afondando a sociedade na superstición. Neste caldo de cultivo penetra un novo culto oriental, de carácter monoteísta e misterioso: o **cristianismo**. Nos primeiros momentos tivo grande incidencia nos grupos máis desfavorecidos, despois de seren perseguida no século I e II d.C., é tolerada a comezos do século IV d.C. e promovida a oficial por Teodosio no 395 d.C. A penetración do cristianismo na *Gallaecia* foi lento e desigual, coincide co éxodo das oligarquías da cidade ó rural deixando un baleiro de poder que

será ocupado polos eclesiásticos, as capiteais dos conventos xurídicos convértese en sedes episcopais (Astorga, Braga, e Lugo), centros da irradiación das novas crenzas.

O novo culto, igual co fixo o romano, vai tirar do sincretismo para a súa penetración, traspóñense os deuses anteriores ós santos, colócanse cruces e ermidas nos lugares venerados con anterioridade, e adecúase o calendario relixioso ós fenómenos naturais: solsticio, equinoccio, etc. Nalgúns casos tratando de captar descontentos e marxinaos, os axentes da nova relixión apártanse dos postulados oficiais sendo considerados herexes como aconteceu con Prisciliano.

Os **priscilianistas** estaban máis preocupados polos trazos de ascetismo, cohesión interna e fervor pio, que pola precisión teolóxica e pureza doutrinal. Preconizan o ascetismo, a renuncia ós praceres e apetitos corporais e o rigorismo nos costumes co fin de purificar a alma, e opóñense á crecente opulencia da xerarquía eclesiástica. Reciben numerosas acusacións polo quebranto das formas da práctica relixiosa, acusacións moi triviais, que nunca foron probadas. Prisciliano tachado de herexe é excomulgado e desterrado polo Emperador, iniciándose a continuación un proceso para que remata cunha condena por bruxería (*maleficium*) e o seu axustizamento en Tréveris (*Civitas Treverorum*) no ano 385 d.C.

No **ritual funerario** romano percíbese a polarización da sociedade, mentres cuns sotérranse rápido e case sen cerimonial, nas clases podentes o cerimonial era moi longo e estaba cargado de pompa. Dábaselle gran importancia á morte, esta tiña que chegar con serenidade e dignidade, nun contexto de relación directa coa Terra Nai. As ánimas cos Deuses Manes non aceptaban no seu seno convertíanse en almas errantes que interferirían no mundo dos vivos, para que isto non sucedera tiñan que axustarse a un cerimonial establecido. Este comeza coa recollida cun bico do derradeiro alento do finado, así a alma queda atrapada no corpo dun familiar, despois os parentes berran tres veces o nome do defunto, comezando as lamentacións, prepárase o corpo, lávase e vístese coas roupaxes propias do seu rango, adórnase con flores e ilumínase para ser exposto. Trala exposición comezan os funerais que serán diferentes segundo a categoría do defunto, as clases adineiradas teñen o privilexio do *ius imaginum*, consistente en obter unha máscara (*imago*) do defunto que será gardada e levadas por actores nas seguintes comitivas fúnebres, seguidamente facíase un eloxio ó defunto (*laudatio funebris*) e cun sacrificio dun porco daba comezo o banquete ritual, tras nove días de loito, rematábase o funeral con outro banquete. Os rituais da maioría dos romanos tamén se facían de noite, pero con moita presa e escasa pompa.


Na época romana coexisten as **prácticas funerarias** da inhumación e a incineración, coa predominancia dun ou doutro segundo o costume do momento. Durante o Alto Imperio é máis común a incineración, pero a partir do século III d.C. vai sendo substituída pola inhumación. Esta asóciase á idea da volta á terra, todo ten que volver á terra, mentres ca incineración relaciónase coa idea do lume purificador. A tumba convértese en espazo de veneración do defunto, así recibe ofrendas, libacións, celébranse banquetes na súa honra, etc. Moitos enterramentos estaban sinalados cunha estela onde se inscribían diferentes mensaxes: nome do defunto, nome do oferente, idade do finado, dedicacións alusivas ó descanso eterno, etc.

▪ **Materiais Expostos:**

Vitrina-12

Época Romana

Contén fragmentos de cerámica Terra sigillata, vidro, moedas e outras cerámicas da época.



Vitrina-13

Cerámica de Construcción

Amosa materiais cerámicos de construción, ladrillos de diferentes tipos, unha tubaría, e elementos para os tellados. Entre as vitrinas expónse unha ánfora.

▪ **Conceptos relativos ás diferentes Unidades:**

Unid. 3

3º Ciclo de Primaria

- O proceso de conquista.
- Novos asentamentos e obras públicas.
- Vida cotián.
- Herdanza material.

Unid. 4

1º de ESO, Historia

- A dominación romana.
- Cidades e asentamentos rurais.
- Obras de enxeñaría.
- Economía e sociedade.
- Cultura e crenzas.

Unid. 5

2º Ciclo da ESO, Cultura Clásica

- Primeiras incursións e administración do territorio.
- Transformacións económicas.
- Unha sociedade fortemente estratificada.
- Vida cotián (aseo, educación, comida, cómputo do tempo, etc.).
- Arte e cultura romana.
- Relixión romana e sincretismo. Cristianismo.
- O legado de Roma.
- Xacementos romanos en Galicia.

Unid. 7

2º BAC, Historia da Arte

- Arte culto e popular: Esquema romano fronte a herdanza nativa.
- Arquitectura e enxeñaría.
- Escultura e relevo.
- Mosaicos e pintura.

Unid. 8

BAC, Linguas Clásicas

- A dominación romana da Hispania: Modelos diferentes de implantación.
- División administrativa e ocupación do territorio: provincias, conventos; cidades, vilas.
- A sociedade romana.
- Economía colonial: tributos e explotación dos recursos naturais.
- A cultura romana: literatura, espectáculos, dereito...
- Obras públicas: vías, portos, pontes, termas...
- Arte: arquitectura, escultura e pintura.
- Latínización no noroeste: epigrafía e toponimia.
- Relixión e funerais.

Unid. 9

1º BAC, Filosofía

- Relixión e Mitoloxía.
- Sincretismo e cristianización.
- Ritual funerario.